**ANEXO III**
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15016000 | Compostela | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| SSC | Servizos socioculturais e á comunidade | CSSSC05 | Promoción de igualdade de xénero | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP1406 | Intervención socioeducativa para a igualdade | 2023/2024 | | 105 | |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | MARÍA VICTORIA REY MARIÑO,XOANA BEATRIZ PINTOS CASTRO (Subst.) |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Supervisada

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Caracteriza a intervención socioeducativa na prevención da violencia contra as mulleres, en relación coas características psicosociais dos colectivos destinatarios e os contextos de actuación |
| RA2 - Deseña accións formativas, analizando as estratexias da educación non formal e os procesos de ensino e aprendizaxe |
| RA3 - Organiza accións formativas, seleccionando os recursos para a intervención en función das características do colectivo e o contexto de intervención |
| RA4 - Pon en práctica accións formativas dirixidas a diferentes colectivos, analizando o seu papel profesional e as estratexias e pautas de intervención, en función do contexto |
| RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas en prevención da violencia contra as mulleres, seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Identificouse o papel e a importancia da educación non formal na prevención da violencia contra as mulleres |
| CA1.2 Identificáronse os fundamentos psicopedagóxicos da intervención socioeducativa na prevención da violencia contra as mulleres |
| CA1.3 Identificáronse os colectivos destinatarios e os ámbitos de intervención socioeducativa en materia de coeducación e prevención da violencia contra as mulleres |
| CA1.4 Establecéronse as características psicosociais dos colectivos de intervención como punto de partida desta |
| CA1.5 Caracterizáronse técnicas e instrumentos para a toma de conciencia das actitudes e das crenzas propias en relación coa violencia de xénero |
| CA2.1 Definiuse o proceso de ensino e aprendizaxe na educación non formal |
| CA2.6 Seleccionáronse metodoloxías de intervención acordes cos obxectivos desta |

| Criterios de avaliación do currículo |
| --- |
| CA2.8 Concretáronse as vías e as estratexias de colaboración con outros axentes significativos para a intervención |
| CA3.1 Establecéronse canles e estratexias para iniciar e manter relacións de colaboración con institucións e as organizacións potencialmente receptoras da intervención socioeducativa |
| CA3.4 Seleccionáronse instrumentos e materiais para ofrecer información, formación e accións de sensibilización a potenciais destinatarios/as |
| CA3.5 Adecuáronse os instrumentos e os materiais ás características das persoas destinatarias |
| CA3.6 Valorouse a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación nos procesos de intervención socioeducativa en prevención da violencia contra as mulleres |
| CA4.1 Seleccionáronse recursos e materiais acordes cos obxectivos da intervención |
| CA4.5 Establecéronse estratexias de actuación para participar na capacitación e na formación de profesionais que traballan no ámbito da violencia contra as mulleres |
| CA4.6 Axustáronse as pautas de actuación ao papel específico do/da técnico/a en cada ámbito de intervención |
| CA5.1 Identificáronse sistemas de avaliación das accións de formación na educación non formal |
| CA5.2 Seleccionouse o sistema de avaliación en función da actividade de formación desenvolvida |
| CA5.7 Establecéronse protocolos de uso dos resultados da avaliación para mellorar a calidade de accións futuras |
| CA5.8 Valorouse a importancia da participación das persoas destinatarias no proceso de avaliación |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
| --- |
| RA1 - Caracteriza a intervención socioeducativa na prevención da violencia contra as mulleres, en relación coas características psicosociais dos colectivos destinatarios e os contextos de actuación |
| RA2 - Deseña accións formativas, analizando as estratexias da educación non formal e os procesos de ensino e aprendizaxe |
| RA3 - Organiza accións formativas, seleccionando os recursos para a intervención en función das características do colectivo e o contexto de intervención |
| RA4 - Pon en práctica accións formativas dirixidas a diferentes colectivos, analizando o seu papel profesional e as estratexias e pautas de intervención, en función do contexto |

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA5 - Realiza actividades de avaliación de intervencións socioeducativas en prevención da violencia contra as mulleres, seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.6 Valorouse a influencia do contorno no proceso e no resultado da intervención |
| CA1.7 Argumentouse a necesidade dos programas de intervención socioeducativa na prevención ou resposta a situacións de violencia de xénero |
| CA1.8 Valorouse a intervención socioeducativa como un recurso para o cambio social e o desenvolvemento de actitudes de igualdade entre mulleres e homes |
| CA2.2 Argumentouse a importancia da educación non formal para o desenvolvemento de actitudes de igualdade efectiva entre mulleres e homes |
| CA2.3 Analizáronse os programas de intervención socioeducativa en coeducación e prevención da violencia contra as mulleres |
| CA2.4 Deseñáronse actividades de formación para diversos colectivos |
| CA2.5 Deseñáronse programas e espazos de formación de formadores/as en prevención da violencia contra as mulleres e a coeducación |
| CA2.7 Valorouse a importancia de promover actividades de formación e capacitación específica e permanente sobre coeducación e violencia contra as mulleres nos centros de profesorado |
| CA3.2 Elaboráronse instrumentos para a presentación dos programas de intervención |
| CA3.3 Informouse sobre a necesidade de realizar obradoiros sobre coeducación e prevención da violencia contra as mulleres |
| CA3.7 Promovéronse obradoiros formativos en diferentes institucións e organizacións, dirixidos á prevención da violencia de xénero |
| CA4.2 Elaboráronse materiais para o desenvolvemento das accións formativas |

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA4.3 Valorouse a importancia da creación dun clima adecuado no desenvolvemento das accións formativas |
| CA4.4 Puxéronse en práctica estratexias e pautas de actuación ante situacións problemáticas que poidan xurdir no desenvolvemento do programa |
| CA4.7 Aplicáronse habilidades comunicativas e de xestión de conflitos |
| CA5.3 Elaboráronse protocolos de avaliación e rexistro para recoller a información das persoas participantes na acción de formación |
| CA5.4 Establecéronse indicadores para realizar a avaliación das accións de intervención socioeducativa en prevención da violencia contra as mulleres |
| CA5.5 Seleccionáronse estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten unha avaliación participativa das accións de formación |
| CA5.6 Utilizáronse estratexias e técnicas de análise de datos para realizar a avaliación da intervención socioeducativa |

## 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Para poder superar esta proba, o alumnado deberá demostrar a adquisición de todos os criterios de avaliación asociados aos resultados de aprendizaxe do módulo de Intervención socioeducativa para a igualdade. Isto implica que o alumnado sexa capaz de:

- Caracterizar a intervención socioeducativa na prevención da violencia contra as mulleres, en relación coas características psicosociais dos colectivos destinatarios e os contextos de actuación.
- Deseñar accións formativas, analizando as estratexias da educación non formal e os procesos de ensino e aprendizaxe.
- Organiza accións formativas, seleccionando os recursos para a intervención en función das características do colectivo e o contexto de intervención.
- Pór en práctica accións formativas dirixidas a diferentes colectivos, analizando o seu papel profesional e as estratexias e pautas de intervención, en función do contexto.
- Realizar actividades de avaliación de intervencións socioeducativas en prevención da violencia contra as mulleres, seleccionando elementos e instrumentos propios da educación non formal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1º parte da proba (parte teórica): Terá carácter eliminatorio.

Esta parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos.
Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
2º parte da proba (parte práctica): As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.
Esta parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
A cualificación final correspondente da proba do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes (sempre e cando se superen as dúas partes da proba), expresada numericamente, entre 1 e 10, sen decimais. No redondeo das cualificacións aplicarase a seguinte norma: se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa. E no caso de que o primeiro decimal sexa superior a 5, a nota sería redondeada á alza.
No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

## 4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

### 4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio, pois refírese a criterios de avaliación que se consideran mínimos esixibles e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación de tipo teórico desta programación.
Consistirá nunha proba tipo test de 50 cuestións obxectivas con catro opcións cada unha, das cales só unha é a correcta. Cada pregunta contestada correctamente terá unha valoración de 0,2 puntos. Cada resposta errónea e aquelas que queden en branco descontarán 0,1 puntos.
O idioma da redacción desta parte da proba será o galego (enunciados, instrucións, preguntas e opcións de resposta).
Se durante a realización da proba, un alumno ou alumna ten algunha dificultade de comprensión da mesma, levantará a man para facerllo saber ao profesorado responsable, que realizará as aclararacións que sexan oportunas.
A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos.
-Será necesaria a presentación do DNI en calidade de documento acreditativo.
A proba terá un tempo máximo de duración de dúas horas. Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:
Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.

## 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos que versarán sobre os criterios mínimos de avaliación establecidos na programación para esta parte.
A proba consistirá na resolución de entre 2 e 5 supostos prácticos debidamente contextualizados.
O idioma da redacción desta parte da proba será o galego (enunciados, instrucións e preguntas). O alumnado poderá responder en galego ou en castelán.
Se durante a realización da proba, un alumno ou alumna ten algunha dificultade de comprensión da mesma, levantará a man para facerllo saber ao profesorado responsable, que realizará as aclararacións que sexan oportunas.
As persoas que non superen a primeira parte da proba non serán cualificadas nesta segunda parte.
A profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos.
-Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
-Será necesaria a presentación do DNI en calidade de documento acreditativo.
- A proba terá un tempo máximo de duración de dúas horas.
Tal e como establece o artigo 13.4 da ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:
Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.